



Entrevista a Abel Caballero, alcalde de Vigo

“O da Xunta é un goberno *anti-sur* de Galicia”

O alcalde de Vigo, Abel Caballero, concede unha entrevista en exclusiva a A PENEIRA nun momento no que ten varias fronteiras abertas: a polémica do pago do IVE da depuradora, o anuncio da Xunta de construír un hospital con capital privado na cidade ou a eterna polémica da fusión das Caixas. Pulsamos a súa opinión sobre todos estes temas e outros.

Páxinas 12 e 13

Comarcas

Vía de alta capacidade Tui-A Guarda. A liña da discordia



Páxinas 16-17

Pontevedra

XXVII Edición da semana galega de filosofía en Pontevedra

A semana galega de filosofía estase a converter nun referente a nivel estatal, que cada ano suma participantes e asistentes. Así o dixo o alcalde de Pontevedra Miguel Fernández Lores. Entrevistamos ao presidente da Aula Castelao de Filosofía.

Páxina 14

Entrevista: Ramón Villares

‘A evolución sociolingüística de Galicia non depende dos gobernos’

O Presidente do Consello da Cultura Galega déixanos a sensación, logo do encontro, de que aspira a facer do CCG algo máis que un recurso de consulta, divulgación e investigación.

Páxinas 26 e 27



K

κ **Teatro Ensalle, a compañía que ama o risco**

κ **Entrevista a Alberte Pagán**

κ **Fernando Pereira na AdHoc de Vigo**

Kalalkia, magazine Cultural

O Papa e o andamio. Protección ou boato?

O Pórtico da Gloria está danado. Co gallo da visita do Papa hai presións para retirar a andamiaxe. Os técnicos non o recomendan.

Páxina 29

Deportes



Os veteranos galegos. Os grandes esquecidos

Páxinas 38 e 39

A outra cara

Érica Esmorís, de veterinaria a modelo na revista de Ana Rosa Quintana

Páxina 40

Confesionario

Alberte Pagán / POR XURXO GONZÁLEZ

‘A creación á marxe do sistema capitalista é unha boa arma anticapitalista’

Entre outras cousas, Alberte Pagán escribe sobre cine e fai películas. É autor de *Introdución aos clásicos do cinema experimental*, *Imaxes do soño en liberdade: o cinema de Eugenio Granell*, do capítulo dedicado ao cinema underground estadounidense no libro editado polo Festival de cine de Xixón *Dentro y fuera de Hollywood*, e un longo etcétera. Realizou as películas *Como foi o conto*, *Os waslala e Bs. As.*, e *A voz do trevón*. Agora presenta *Tanyaradzwa*. E para coñecela contamos coa colaboración doutro director: Xurxo González.

-Que papel xoga *Tanyaradzwa* na túa filmografía?

-*Tanyaradzwa* é unha obra monumental, tanto pola súa duración como polo seu contido. Contén unha grande cantidade de información (demasiada, segundo me dixo alguén) que nos permite, como mínimo, asomármonos ao abismo da vida da protagonista. Supoño que tardarei en facer outra obra destas características.

-É un filme de seis horas, que se pode ver en tres en dobre pantalla e se veu en dúas no Play-doc... Que aporta ao espectador cada experiencia de visionado?

-A versión de 105 minutos (a catro pantallas) foi algo puntual, un experimento no sentido científico do termo. Nela ficaron fora moitas das pezas narrativas que nos axudan a completar o crebacabezas da vida de *Tanyaradzwa*. Só conservei as que se referían á súa experiencia persoal. É unha versión máis visual e menos narrativa. A que considero a versión definitiva, a de tres horas a dobre pantalla (a única que se proxectou en público), rompe a medida montaxe da orixinal de seis horas e subvirte a súa temporalidade. Digamos que a meditada montaxe lonxitudinal da versión longa ten que convivir, na de tres horas, coa azarosa e aleatoria montaxe transversal que nace da simultaneidade das dúas pantallas. A experiencia visual é moi diferente, até o punto de que podemos afirmar que se trata de dúas películas distintas, e non dúas versións da mesma. A temporalidade dos longos planos baleiros da primeira versión fica diluída desde o momento en que coinciden, na segunda versión, cun parlamento na pantalla contigua. A versión de longa é moito máis “dura” e experimental.

-Aparte das cuestións experimentais, máis formalistas, os teus filmes posúen un forte til político.

-Toda película é política, por militancia ou por omisión. A neutralidade sempre favorece ao poder. Iso non quere dicir que o contido das miñas películas sexa directamente político, pero si gosto de introducir elementos, máis ou menos sutís, que permiten unha lei-

tura política. Por outra banda eu entendo o experimentalismo

(é dicir, a busca dunha nova linguaxe) como un acto político, como un ataque directo aos modos de expresión do poder, á súa linguaxe coa que que-

ren oprimimos e desactivamos. Eu busco conxugar ambas loitas. Un bo exemplo é *Os waslala*, que é un breve exercicio formal pero que vai máis alá do experimentalismo precisamente polos elementos escollidos para a construción formal: tres labregos sandinistas.

-Non tes medo de pecar de certo orientalismo (Edward Said) defensor da mirada colonialista occidental (que criticaba Sembene) e que aparecen en solfa de filmes como os de Jean Rouch ou Oliver Laxe?

-Por moito que *Tanyaradzwa* conteña suficientes elementos para desactivar esa ollada “orientalista” por parte do público, teño comprobado que a cor da pel da protagonista cega a moita xente. Pergúntame se pretendía retratar “a muller africana” ou mesmo África. Nada diso. Se *Tanyaradzwa* se chamase *Tania* e fose branca e vivise no Carballiño a ningún se lle ocorrería preguntarme se a miña intención era retratar “a muller carballiñesa” ou Galicia. Esa mirada que comentas está, por desgraza, no público, pero non na película. A miña presenza na película (o texto introdutorio, eu achegándome á cámara, a miña man, ou meu reflexo nas lentes de sol) non foi depurada na montaxe precisamente para deixar constancia de que esta non é unha visión omnisciente (ao estilo da narrativa décimo-nónica) senón o resultado do encontro de dúas persoas. E tampouco podemos afirmar que se tra-



ta da visión dun europeo en África: nos créditos finais *Tanyaradzwa* consta como coautora. Era ela a que me decía o que podía e o que non podía filmar, a que me suxería certas escenas, a que propuña filmala mentres mexaba, a que me mandaba cortar candos non quería seguir. *Tanyaradzwa* é, por tanto, non un retrato, senón un autorretrato, unha autobiografía. Eu simplemente fun o medio que ela topou para contar o que tiña necesidade de contar.

-Non cres que as mellores propostas audiovisuais galegas veñen de fóra da “industria”? Cres que é posíbel algún tipo de maridaxe?

-Podemos augurar un robusto crecemento do cinema galego grazas ás propostas feitas á marxe da industria. O que a industria ofrece é moi pobre. Non hai ningunha razón pola que non podan xurdir aquí produtoras máis arriscadas que permitan a creación dun cine alternativo de maior calidade, como sucede noutras partes. Pero o modo de produción non deixa de formar parte da propia película, e se toda película é implicitamente política, os seus modos de produción sono de xeito explícito. Se a grande maioría do cinema mundial é claramente conservadora é debido en gran parte aos modos de produción, que non permiten disidencias. A creación á marxe do sistema capitalista é unha boa arma anticapitalista.